

A PREVENCIÓN de Riscos Laborais en Industrias Extractivas...



...é cousa de todos.

Medidas preventivas

Sepultamento

Procura non sobrecargar a maquinaria de transporte de refugallos. O movemento de vehículos transmite vibracións á terra, e favorece posibles desprendementos. Non os uses de forma innecesaria. Ante calquera indicio de que o terreo está cedendo, sitúate nun lugar seguro para evitar que che caian refugallos enriba.

Atrapamento

Na fase de escavación, abrocha o cinto de seguridade ao manexar a maquinaria e comproba que a cabina non presenta ningún desperfecto.

Voadura

Non manipules explosivos se non estás formado nin tes autorización para a manipulación de explosivos.

Exposición a substancias tóxicas e/ou cancerixenas

En ambientes moi poeirentos emprega un equipo de respiración adecuado. No caso de aparición de vapores orgánicos nocivos desprendidos no traballo, evita a súa respiración.

Exposición a condicións ambientais adversas

Mantén unha ventilación adecuada do lugar de traballo, sexa natural ou forzada. Emprega roupa de traballo acorde á temperatura de traballo. Se traballas a ceo aberto, usa medios de protección contra o sol, o frío e a chuvia. Se as condicións atmosféricas puidesen provocar un accidente, suspende a tarefa.